

INFORMÁTICA

INFORMÁTICA NO IES CHAN DO MONTE

O noso IES conta con máis de 200 PCs repartidos ao longo de varias decenas de estancias e somos case 700 usuarios os que os usamos activamente, entre profesores e alumnos.

Servizos informáticos que presta o IES

Aínda que moitos de vós coñecerédelos xa, animámosvos a que botedes unha ollada á documentación do sistema que podedes atopar na web do IES (www.ieschandomonte.edu.es), e que vos mostrará como usar os seguintes servizos informáticos que vos poden ser de moita axuda:

- Contorno de traballo personalizado
- Carpetas compartidas
- Listas de correo
- Espazo web persoal
- Terminais lixeiros
- Taboleiros web
- Plataforma de teleensinanza (Moodle)
- Acceso desde casa aos ficheiros
- Acceso desde casa ao sistema gráfico
- etc.



Un IES punteiro en Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns

Este uso innovador das tecnoloxías de software libre valeulle ao IES para aparecer á cabeza dos máis innovadores de España neste ámbito, obtendo varios recoñecementos. O IES é considerado “Caso de Éxito de implantaci3n de software libre” por mancomun.org, a iniciativa prol-software libre da Consellería de Industria, e ademais resultou finalista nos premios de empresa EGANET 2007.

O equipo “M”

Todo este maremágnum de cables, programas, equipos e datos é xestionado por un grupo de profesores de informática dedicados ao mantemento dos equipos, servizos e o asesoramento continuo para o seu uso efectivo. A gran diversidade e complexidade dos sistemas usados require dun equipo altamente cualificado en moi diversos ámbitos da informática, para ser capaces de afrontar o gran abano de incidencias que xorden, propias dun sistema complexo coma este.

INFORMÁTICA

Legais e sostibles grazas ao software libre

O IES Chan do Monte cumpre rigorosamente coas licenzas de software e para iso usa moito software libre, tanto sobre o sistema operativo Microsoft Windows, como sobre GNU/Linux.

Equipos lixeiros: unha nova vida para os PCs obsoletos

Os equipos que podemos considerar obsoletos para ser usables con software actual, poden ser utilizados de forma efectiva facendo que sexan simples terminais dun servidor máis potente. Este é o modelo que o IES está usando para pór equipos en aulas como Garantía Social, Biblioteca, etc. Grazas á idea dos equipos lixeiros poderemos levar a informática a aqueles niveis onde doutro xeito tardaría moito en chegar, ademais de facer un uso sostible e ecolóxico de PCs que doutro xeito irían directamente ao lixo.

Traducíndote: un programa feito no IES con repercusión nacional

Un alumno de 2º curso do Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas programou, usando software libre, un tradutor de documentos entre varias linguas do estado.

A vantaxe deste tradutor fronte aos que existían anteriormente, é que pode traducir documentos sen alterar o seu formato (tipos de letra, imaxes, etc)

O programa está baseado no tradutor de software libre Opentrad-Apertium e pode traducir documentos ODT (formato OpenOffice.org). Ademais, nunha etapa posterior ampliouse para que puidese traducir ademais os formatos: Calc, Draw, Impress, Math, Abiword, LaTeX e MySQL.



Sabías que...

- **...o uso das listas de correo** permitiu ao IES aforrar moitísimo papel en comunicacións e escritos, contribuíndo así á conservación dos recursos naturais e ao aforro
- **...a velocidade da rede interna do IES multiplicouse por 10** no último ano grazas á compra de novos equipos de comunicacións
- **...a velocidade da rede interna do IES é de 1 Gigabit por segundo**, é dicir, mil millóns de bits por segundo
- **...cada día transmítense de media 370 GigaBytes** pola nosa rede
- **...tramitáronse máis de 73000 correos electrónicos** contabilizando 9 GigaBytes desde o mes de setembro
- **...a páxina web pública do IES** tivo dous millóns e medio de hits no último ano, contabilizando máis de 165.000 visitas e cun total de 120 GigaBytes transferidos
- **...hai 3 discos duros que albergan todos os arquivos dos usuario** e suman unha capacidade de 290 GigaBytes
- **...faise unha copia de seguridade cada noite ás dúas da madrugada** a un servidor afastado da sala de servidores (SEC) para asegurar a conservación dos datos ante unha catástrofe nos discos duros principais
- **...faise unha copia de seguridade a disco duro extraíble cada trimestre** por se unha tormenta estragase todos os discos duros anteriores